

## RAZA CABRA IBIZENCA

Debe o seu nome a illa de Ibiza, onde están a maior parte dos exemplares. Tamén a chaman a "Cabra de las Pitiusas". Esta raza te nun orixe moi variado, tendo influencias de diversos troncos.

Agrupar animais de perfil recto, tamaño medio e proporcións alongadas. A presenza de cornos en ambos sexos queda limitada a un reducido número de animais. En xeral, predominan os animais "mochos" (sen cornos). Cando os cornos fan a súa presenza, xeralmente son de tipo aegagrus, en arco cara atrás. Os machos dispoñen de "barba" desenvolvida. As femias pola súa parte poden presentar "perilla". É frecuente a presenza de mameas. De tronco alongado e profundo. De costelares arqueados. Extremidades altas, fortes e con bos aplomos.



Castrón (fonte: FEAGAS)

A capa é moi variada, con cores que van dende o branco ó negro pasando polo marrón, sendo frecuentes os animais con grandes manchas brancas sobre a capa. O seu peso sitúase entre os 50 e os 60 kg nas cabras e entre os 70 e os 80 kg nos machos adultos. A súa distribución xeográfica queda limitada ás illas de Ibiza (zona oeste) e Formentera.

A Cabra Ibizenca é catalogada como de dobre propósito: carne - leite. Dentro da produción de carne existen dos tipos, o cabrito e o caprino maior. O primeiro trátase dun animal alimentado co leite da nai e os recursos obtidos no pastoreo, acompañado da mesma. Sacrifícase entre os 2,5 e 3 meses, cun peso vivo próximo ós 18 kg, cun rendemento na canal do redor do 52%. Aínda así, o principal obxectivo da explotación de Cabra Ibizenca é a produción de leite destinada ó consumo familiar, ben en forma de leite fresca ou en forma de queixo. A súa produción é moi variable debido, por unha parte, á gran heteroxeneidade dos animais da raza dente o punto de vista xenético, pola outra ós distintos sistemas de manexo empregados en cada explotación.

En xeral a Cabra Ibizenca agrúpase en explotacións familiares de pequeno tamaño, con frecuencia menos de 20 cabras. Moitas voltas as cabras forman parte de rabaños mixtos con ovellas. Nai Ila de Formentera tamén hai explotacións de pequeno tamaño, ca particularidade de presentar certo mestizaxe debido o cruce con sementais da raza Murciano - Granadina, en busca do incremento da produción do leite. O sistema de explotación é, en xeral, mixto; é dicir, as cabras saen a pastar tódolos días, complementando a ración na cuadra para axudar a cubrir as necesidades dos animais tanto en épocas de lactación como nas épocas de diminución do pasto dispoñible. En xeral supléntase a alimentación unicamente con cereais.

## COMPRA - VENTA

- Véndense 20 cordeiras de recría da raza Ovella Galega - 669 268 850 - Outeiro de Rei (Lugo)
- Véndese rabaño completo, ó redor de 50 femias e 2 machos - 627 838 564 e 600 075 520 - Taboada (Lugo)
- Véndese rabaño de ovellas - 649 858 614 e 618 017 261 - Vilardevós (Ourense)
- Véndese 1 Dereito de Pago Único - 610 891 967 - Cervantes (Lugo)
- Véndense rabaño completo de 120 ovellas en cubrición - 609 212 819 - Vilasantar (A Coruña)
- Véndense 2 cabras e 1 castrón - 676 437 614 - Riotorto (Lugo)
- Cámbianse cadelos de mastín leonés por cadelos de Border Collie - 605 080 015 - Lobios (Ourense)
- Véndense rabaño de 40 ovellas - 615 420 575 - Chandrexa de Queixa (Ourense)
- Véndense cachorros de Border Collie, os pais traballan con ovellas - 628 822 397 - Guitiriz (Lugo)



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 70 OUTUBRO-NOVEMBRO 2011

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n - 27004 Lugo  
Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211  
Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32660 Ourense  
Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)  
Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

## CREACION DUNHA COOPERATIVA

Desde OVICA estase a traballar para intentar constituír unha cooperativa co obxectivo de que os socios que a integren podan cobrar a axuda específica do sector ovino. Como ben sabes, para que un gandeiro poda cobrar esta axuda, comprendida entre 3 e 5 €/cabeza, debe pertencer a unha entidade asociativa agraria válida segundo a Lei 19/1995 de Modernización das Explotacións Agrarias e que cumpra algún dos obxectivos que establece a lexislación sobre a aplicación a partir do 2012 dos pagos directos á agricultura e á gandería. Xunto con este Boletín tes un texto onde se amplía toda esta información e se explica todo o proceso a seguir para acadala creación de dita cooperativa.

**En calquera momento podes poñerte en contacto cos técnicos de OVICA para solicitar mais información.**

## NOVAS BREVES

- **ALIMENTACIÓN:** O longo deste ano rexistráronse os valores máis altos a nivel mundial das principais materias primas utilizadas na alimentación animal (cereais e soia). Por iso este foi un ano de prezos moi elevados dos pensos. Tyson Foods, unha das principais empresas de alimentación nos Estados Unidos prevé un incremento no prezo das materias primas para o ano que ven, aínda que neste último trimestre baixaron algo os prezos. Isto redundará moi probablemente nuns prezos altos dos pensos para o 2012.
- **LOBO:** Os ataques de lobo non so afectan a nosa comunidade. En Castilla y León nos últimos tres anos case se duplicaron o número de ataques de lobo, pasando de 424 en 2007 a 771 no 2010.
- **FORMACIÓN:** O MARM destinou 200.000 € na creación do "Proyecto Pastor 2" unha iniciativa para impulsar a formación de pastores e das prácticas gandeiras en distintas comunidades de España.
- **RAZAS:** A Federación de Razas Autóctonas en Perigo de Extinción de España (FEDERAPES) asegurou nunha xuntanza en Zamora que, sen subvencións non hai futuro para as razas autóctonas en perigo de extinción.
- **SECTOR:** Nos últimos 5 anos en España perdéronse 23.000 explotacións de ovino, segundo INTEROVIC (a asociación interprofesional do sector ovino e caprino). Aínda así, o incremento do prezo da la e da pel (que multiplicouse por cinco nestes dous últimos anos) deste ano supuxo un "balón de osíxeno" para o sector. Aínda así os prezos non están mal nos momentos que hai menos oferta e sempre que se vendan cordeiros pequenos xa que no cebo, ca suba dos pensos, pérdese toda a rendibilidade. Tamén dende INTEROVIC fíxose fincapé nos mercados exteriores xa que en Francia por un cordeiro de 25 kg en vivo estanse a pagar ó redor de 90 €.

Por outra banda o MARM ven de publicar un resumo dos datos de consumo de cordeiro, neste ponse de manifesto a redución do consumo desta carne que foi 18% menos nos últimos 5 anos, pasando dun consumo medio por habitante de 2,7 kg/habitante e ano no 2005 a 2,2 no 2010.



Fonte: FAO



CAIXA RURAL GALEGA

- **MERCADO:** O MARM ven de publicar os datos de importacións de carne de cordeiro para España e para o resto da Unión Europea (UE). O principal importador de carne de ovino é Nova Zelandia cun 85% do total de importacións, seguido de Australia cun 7%.
- **PREVENCIÓN DE LUMES:** Un estudio da Asociación Forestal de Valladolid (ASOVA) demostrou os beneficios do uso de cabras para a redución da biomasa nos corta-lumes. Neste estudio propónse como solución a combinación de cuadrillas de desbroce co pastoreo con cabras, podendo reducir á metade as xornadas de desbroce co conseguinte aforro económico. Dende ASOVA insisten en que este método "non compite co traballo das cuadrillas forestais, se non que o traballo con ambas ferramentas pódese complementar".
- **LEXISLACIÓN:** O pasado mes de outubro publicouse no BOE a Lei 35/2011 de titularidade compartida das explotacións agrarias. Esta lei persigue a regulación da titularidade compartida co obxecto de promover e favorecer a igualdade real e efectiva das mulleres no medio rural a través do seu recoñecemento xurídico e económico da súa participación na actividade agraria. Os/as cotitulares deberán estar dados/as de alta na Seguridade Social e exercer a actividade agraria. A lei tamén recolle que as axudas recibidas pola explotación agraria de titularidade compartida corresponderán a metade iguais a favor de cada un dos cónxuxes ou membros da parella de feito titulares. Esta lei entrará en vigor no 2012.

- **AXUDAS:** O MARM presentou unha proposta para a campaña 2012 da PAC para que o ovino e caprino de leite tamén poidan optar as axudas por Fomento da calidade e por Vulnerabilidade. No caso do ovino será obrigatorio formar parte dunha cooperativa (como a que está a promover OVICA) que teña como fin a formación ou a rapa, entre outros e no caso do caprino só haberá que estar en zona desfavorecida (na que se encontran a inmensa maioría das nosas ganderías).

- **TRANSHUMANCIA:** Como cada ano un rabaño de 5.000 ovellas cruza as principais rúas de Madrid utilizando o seu dereito de paso recoñecido dende o século XV polo percorrido da vía pecuaria.



Rabaño de ovellas cruzando a capital

## PROXECTO WOLF

Os integrantes do proxecto WOLF: Wild Life & Farmers reuníronse con representantes das Organizacións Profesionais Agrarias o pasado mes de outubro en A Fonsagrada. O motivo foi a posta en común das reivindicacións do sector gandeiro ante a difícil convivencia co lobo.

Os principais puntos acordados foron:

- Axilizar a tramitación diminuíndo a carga burocrática das compensacións por danos de lobo
- Incluír nestes danos as mortes sen posibilidade de atopar restos, as roturas de peches debidos ós ataques, o mantemento dos cans mastíns ou as horas de vixilancia dos gandeiros
- Incrementar as axudas á prevención de danos (peches, cans mastíns, ...)
- Aumentar a transparencia da información sobre esta especie xa que a Xunta é a única que ten datos e debe compartilos co sector para mellorar a xestión
- A nivel europeo dentro do 2º pilar da nova PAC incluír estas zonas lobeiras dentro das axudas agroambientais (o actual CES) para incrementar as axudas nestas zonas que deben convivir con abundante fauna salvaxe

Acordouse elevar estes puntos, entre tódolos participantes, á administración autonómica, estatal e europea. O obxectivo final é a inclusión destas zonas lobeiras na nova PAC para que se poidan ter en conta á hora de asignar as axudas e mellorar a xestión actual do lobo co último fin de mellorar a convivencia con esta especie salvaxe.

Dende OVICA imos seguir participando nestes encontros e apoiando estas reivindicacións.

## EXPOLUGO 2011

Como ben sabedes OVICA participou no pasado mes de outubro en Expolugo 2011 cun stand e coa presenza de animais de distintas razas.

Pola feira pasaron socios, profesionais do sector e curiosos cos que puidemos falar das cuestións do noso sector.



## IDENTIFICACIÓN

Despois de responder a unha serie de dúbidas ó longo do ano sobre o sistema de identificación, dende OVICA queremos lembrar ós gandeiros as pautas a seguir para a correcta identificación dos animais ó longo da súa vida.

Para as reproductoras, as marcas de identificación deben colocarse no prazo de seis meses a partir do nacemento, e, en calquera caso, antes de que o animal abandone a explotación na que naceu. A marca visual debe colocarse na orella dereita do animal, e a marca electrónica debe implantarse na orella esquerda deste. Seguidamente, deben anotar os animais identificados individualmente no libro de rexistro da explotación, na folia de actualización do censo de reproductoras.

Non se colocarán estas marcas aos animais que vaian a destinarse a sacrificio antes dos 12 meses de idade, que serán identificados coa marca auricular visual plástica co código REGA da explotación de nacemento (o voso CEA) que se colocará preferentemente na orella esquerda do animal.

### Exemplo de folia de balance de reproductoras

### FOLLAS DE ACTUALIZACIÓN DE CENSO DE REPRODUCTORAS

Anotaranse altas e baixas de femias reproductoras, tanto se se trata de compras, vendas ou sacrificios de femias reproductoras como se se trata de añas de reposición da propia explotación que causan alta como reproductoras. As femias de reposición inscribíranse como altas ó ano de idade ou se pariron antes desta idade, na data do primeiro parto.

### GANDO OVINO

Data (1)	Alta/Baixa (2)	Procedencia/Destino (3)	Nº Documento Sanitario Oficial de acompañamento (4)	Marca dos animais (5)	Nº de animais que causan altas	Nº de animais que causan baixas	Balance de reproductoras (6)
12/10/10	ALTA	NADA EN EXPLOTACIÓN	--	ES 11 0000459280	1		16
12/10/10	ALTA	NADA EN EXPLOTACIÓN	--	ES 11 0000459281	1		17
12/10/10	ALTA	NADA EN EXPLOTACIÓN	--	ES 11 0000459282	1		18

- (1) Data de alta do animal como reproductora ou se se trata de adquisición, venda ou sacrificio de reproductoras data da alta ou baixa na explotación.
- (2) Indíquese o que proceda.
- (3) Complimentarase só en caso de compra, venda ou sacrificio, indicando o código da explotación de procedencia ou de destino ou o matadoiro no seu caso.
- (4) Indicarase só no caso dos movementos dos animais.
- (5) No caso de altas ou baixas de partidas de animais con máis dunha marca, complimentarase unha liña por cada lote coa mesma marca.
- (6) Arrastrarase o balance de reproductoras tras cada anotación.